



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE 2015, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de marzo de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día doce de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201500000000142 de SOLAGRA S.A.

Dáse conta da citada instancia na que don Jaime Bermúdez de la Puente, en representación de SOLAGRA, S.A, expón que con data 31/03/2014 concedéuselle licenza para melloras en adega Solagra, S.A, sita en Laraño-San Xián de Sales, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), consistentes en reforma da adega existente, melloras en camiño interiores e construción de almacén (Expediente 2014/U008/000006), e debido a diversas circunstancias, o alboio obxecto da licenza concedida non se vai executar como está previsto inicialmente, solicita a modificación da licenza concedida no que á construción de almacén se refire, que se levará a cabo nos termos no novo proxecto presentado asinado por don Luís Alti López de Briñas en calidade de arquitecto.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado e aprobar a compensación do imposto liquidado.

2.2.- Instancia núm. 201500000000261 de dona Lorena Pájaro Gómez. (Expediente número 2015/U007/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, expón que con data 29/01/2014 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en Viño grande, 41- San Andrés de Illobre,



(licenza número 11/2004), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa (#90,00#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

3º.- Certificacións de obras.

3.1.- Certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento Vedra –Xián*.

Dáse conta da certificación núm. 1 e final da obra de *Ampliación da rede de abastecemento Vedra -Xián*, cofinanciada pola Deputación Provincial dentro da convocatoria de programas de subvencións dirixidos a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2014 (Expediente núm. 2013048927), e da factura núm. EO0023/15 da empresa adxudicataria da obra, Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de trinta e catro mil catrocentos vinte (#34.420,00#) euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura polos traballos relacionados na mesma.

4º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2015.

4.1 - Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2015, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 26 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2014, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2015, con base no seguinte:

1. O acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 18/02/2015, relativo ao recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria a 15 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza.

2. Os expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 330/2014, 380/2014, 381/2014, 383/2014, 384/2014, 387/2014, 391/2014, 395/2014, 401/2014, 416/2014, 417/2014, 432/2014, 13/2015, 14/2015, 17/2015, 18/2015 e 67/2015) e por cambio de epígrafe (resolucións da Alcaldía núm. 76/2015 e 77/2015).

3. Os expedientes de baixa por non habitabilidade de 2 inmobles (vivendas) en estado ruinoso, instruídos a instancia dos obrigados tributarios (resolucións da Alcaldía núm. 15/2015 e 73/2015).

4. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 14 novas altas a 1 de xaneiro de 2015,



data de remuneración da taxa e de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 127/2015, de data 18 de marzo).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2015 formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

4.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2015, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 26 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2014, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2015 con base no seguinte:

1. Os expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núm. 330/2014, 401/2014, 432/2014, 2/2015) e por cambio de epígrafe (resolución da Alcaldía núm. 76/2015).

2. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 6 novas altas a 1 de xaneiro de 2015, data de remuneración da taxa e de referencia para a formación do padrón (Resolución da Alcaldía núm. 128/2015, de data 18 de marzo).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2015 formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
15-00162	28/02/2015	713,05	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de contedores (aluguer e baleirado) prestado no punto limpo e en Illobre (inmable incendiado) no mes de febreiro
624798273	12/03/2015	160,24	Mapfre Familiar S.A.	Recibo da póliza 0550680105010 do seguro anual de accidentes contratado para o voluntariado de Servizos Sociais
2015/0556	28/02/2015	6.396,61	Sogama S. A.	Tratamento de residuos urbanos mes febreiro 2015
045500000315FAC	01/03/2015	7.352,49	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio para a dependencia mes febreiro (horas ordinarias e festivas)
045500000415FAC	01/03/2015	3.529,94	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda a domicilio durante o mes de febreiro (horas de libre concorrencia)
A/68	28/02/2015	459,80	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes febreiro
WH-21317159079	24/02/2015	14,46	Estrategias WebSite, SL - VirtualPyme	Renovación do dominio vedra.es por un ano (21/03/2015 - 20/03/2016)
151215FS0012109	12/03/2015	58,91	Supervisión y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (ITV) do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada en marzo
C1-15	31/01/2015	709,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa e recollida dun animal no mes de xaneiro e regularización facturación decembro/2014 (recollida de 2 animais)
C3-15	28/02/2015	709,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa e recollida de tres animais no mes de febreiro
V5A410000241201 50119101545	20/01/2015	34,26	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo do seguro contratado para o tractor J. Deere matrícula E2564BDT do 13/01/2015 ao 29/06/2015
011-15	13/03/2015	748,80	Vilarpiñeiro, S.L.	Corenta exemplares da obra <i>Códice Calixtino</i> (segunda edición) subministrados en marzo para fins institucionais
622	31/01/2015	440,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar para viaxe da Terceira Idade ás termas de Ourense e ao Mosterio da Rocha o día 21/01/2015 (sufragado parcialmente coas achegas dos participantes)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



627	28/02/2015	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar para viaxe da Terceira Idade ás termas de Ourense o día 25/02/2015 (sufragado parcialmente coas achegas dos participantes)
4M/2015	12/03/2015	500,00	Couto Rendo Rocío	Clases de reforzo para preparación do título de graduado escolar dentro do programa de Educación de Adultos mes febreiro
15027	11/03/2015	895,34	Quatroprint, S.L.	Traballos de impresión de carteis, programas e entradas para <i>Teatrofilia 2015</i> realizados en febreiro e marzo
32106938	06/03/2015	214,93	Automóviles Louzao, S.A.U.	Revisión e subministro dos recambios do tacógrafo do camión de recollida do lixo 9047HPG realizados en marzo
9	27/02/2015	314,60	Camino Bouzón Miguel Angel	Traballos de mantemento realizados na gardería municipal no mes de febreiro
A00027153	28/02/2015	213,01	Campos y Costas Consulting, S.L.	Servizos de transporte prestados no mes de febreiro para a realización da <i>Ruta BTT da Camelia 2015</i>
V5A510000145201 50202101702	03/02/2015	55,21	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo do seguro contratado para a retroescavadora matrícula E6073BBD do 01/02/2015 ao 29/06/2015
V5A150001717201 50205101625	06/02/2015	595,90	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo do seguro contratado para a furgoneta da brigada de obras matrícula 8189JCG do 30/01/2015 ao 29/06/2015
V5D160000044201 50206100138	09/02/2015	356,40	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo do seguro contratado para grúa do remolque da nova furgoneta da brigada de obras do 30/01/2015 ao 29/01/2016
V5A150001725	16/03/2015	277,46	Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros	Recibo do seguro contratado para a C15 matrícula C4407BM do servizo de limpeza da mañá do 14/03/2015 ao 30/12/2015
WH-21317159154	11/03/2015	36,30	Estrategias WebSite, SL - VirtualPyme	Hospedaxe Femp - vedra.es (do 21/03/2015 ao 20/03/2016)
2015/006	02/03/2015	47,19	Xestedec Comunicación	Impresión de 200 tickets de aluguer de bicicletas para a <i>Ruta Cicloturística de Vedra</i>
2015/013	09/03/2015	675,18	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de marzo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2015/015	16/03/2015	1.177,21	Xestedec Comunicación	Servizos técnicos prestados para a realización da <i>II Gala do Deporte do Concello de Vedra</i> o 13/03/2015
462/15	17/03/2015	55,50	Richi Viajes, S.L.	Servizo de guía prestado na viaxe da Terceira Idade á Ríoxa e Pamplona do 12 ao 15 de marzo de 2015
9398/1353	10/03/2015	36,08	Mercamella, S.L.	Alimentos e outros produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en marzo
101257	15/03/2015	116,90	Hierros Diego, S.L.	Materiais para arquetas na vía pública en Matelo-San Xián e Pousada-Vedra subministrados en marzo
A/15.748	15/03/2015	434,44	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón subministrado en marzo para obra na vía pública en Matelo-San Xián
A/15.747	15/03/2015	224,49	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón para obra na vía pública en Cornado-San Fins (zona do campo da festa) subministrado en marzo
151215FS0013138	18/03/2015	58,91	Supervisión y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (ITV) do vehículo de loita contra incendios 1106FZZ realizada o 18/03/2015
98007217	30/12/2014	67,91	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa mes decembro/2014
CI0767754711	15/03/2015	1.424,21	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía móbil e fixa correspondentes ao período do 15/02/2015 ao 14/03/2015
2015501	20/03/2015	5.999,59	Mapfre Seguros de Empresas, S.A.	Seguro de responsabilidade civil xeral contratado para o período de 27/01/2015 ao 26/01/2016 (Póliza 0960270014371/018)
TA4ZH0023510	19/03/2015	23,18	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de Servizos Sociais mes marzo (consumo de febreiro)
06-2015	15/02/2015	520,00	Panadería Victoria-Jesús Rodríguez Mogo	Produtos alimenticios para reparto na proba deportiva <i>Ruta BTT da Camelia 2015</i>
25799	14/03/2015	277,86	Restaurante Villa Verde	Atencións protocolarias co gallo da <i>II Gala do Deporte do Concello de Vedra</i> o día 13/03/2015



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



15	13/03/2015	299,60	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos servidos co gallo da celebración da <i>II Gala do Deporte do Concello de Vedra</i> o día 13/03/2015
15/000033	28/02/2015	1.678,57	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras de recollida de augas pluviais nas vías públicas en Laraño, Paradela e outros servidos en febreiro
15/000031	28/02/2015	79,26	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para os soportes dos contedores do lixo e para as sinais de viais municipais subministrados en febreiro
15/000032	28/02/2015	62,01	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para a escola de Ponte Ulla e para os muíños de Vilanova subministrados en febreiro
635745934	19/03/2015	400,00	Mapfre Vida, S.A.	Seguro de accidentes contratado para a realización da proba deportiva <i>Ruta BTT da Camelia 2015</i>
635741975	19/03/2015	200,00	Mapfre Vida, S.A.	Seguro de accidentes contratado para a realización da proba deportiva <i>Trail da Camelia 2015</i>
GAL00277115F00004	23/03/2015	10.016,50	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Subvención correspondente ao 1T/2015 pola xestión dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de augas
A-1754435	23/03/2015	1.000,00	Consellería de Facenda	Liquidación taxas por expte. TE-2015/014 (autorización en solo rústico da obra de ampliación do cemiterio de Santa Cruz)
5	31/01/2015	145,20	Arca Fuentes María Dolores	Impartición curso de teares e trapiño mes xaneiro
6	28/02/2015	145,20	Arca Fuentes María Dolores	Impartición curso de teares e trapiño mes febreiro
04/15	20/01/2015	201,44	Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio	Reparación de embrague e freos do vehículo Nissan Vanette da brigada verde en decembro/2014
11/15	19/03/2015	128,83	Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio	Revisión e ITV do vehículo Nissan Vanette da brigada verde realizadas en marzo
06/15	20/01/2015	101,63	Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio	Revisión e ITV do vehículo Nissan Patrol da brigada de obras realizadas en decembro/2014



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



15/15	23/02/2015	310,33	Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio	Subministro e instalación de rodas e ITV do vehículo Nissan Patrol 2445BLH de Protección Civil en febreiro
17/15	27/02/2015	286,20	Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio	Reparación dos freos e ITV do vehículo C15 do servizo de limpeza da mañá realizadas en febreiro
25 720	19/03/2015	1.544,10	Ulla Oil, S.L.	Gasóleo A para os diversos vehículos municipais subministrado na nave de Trobe en marzo
Liquidación		139,03	Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización pola reunión mantida o día 13/03/2015, para a tramitación do procedemento de contratación do servizo de <i>Consultaría e Asistencia Xurídica e Xudicial</i>
Liquidación		37,21	Chas Bao José Ramón	Quilometraxe e axuda de custo por asistencia ao <i>I Encontro de Cooperación para o Desenvolvemento da Administración Electrónica</i> o día 16/03/2015 dende as 11:00 ás 18:00 horas
Liquidación		53,75	Lema Rodríguez Clara	Quilometraxe dos meses de xaneiro e febreiro
Liquidación		133,21	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe do mes de marzo
Liquidación		365,75	M ^a . Jesús Piñeiro Caldelas	Quilometraxe dos meses de xaneiro, fabreiro, marzo

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

6º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Dáse conta do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 211.147,87 euros, co seguinte detalle:

1.1.- Persoal: 15.013,00 euros.

1.2.- Mantemento: 0,00 euros.

1.3.- Axuda no fogar.

1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 euros



1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 154.928,40 euros.

1.4.- Xestión de Programas: 41.206,47 euros.

1.5 - Investimento: 0,00 euros.

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista para o exercicio 2015 na contía de 296.921,99 euros que supón unha porcentaxe de 58,44% sobre do orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Solicitude de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 201500000000322, no que don José Vilar Suárez, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 66%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

7.2. - Autorización para a desafectación escolas unitarias de Illobre, Ponte Ulla, San Mamede de Ribadulla e casa dos mestres de Vilanova.

Tendo en conta que os citados locais van ser destinados a usos sociais e comunitarios, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á mutación demanial dos mesmos para continuar como uso de servizo público.

7.3.- Autorización para a desafectación da planta 1ª das escolas unitarias de San Xián de Sales.

Tendo en conta que o citado local vai ser destinado a usos sociais e comunitarios, a Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa mutación demanial para continuar como uso de servizo público.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.